

## Carlos Casares: *Ilustrísima* das Letras

*Alfonso Carlos Lois Suárez*

Nove de marzo. Amencer triste. Amencer amargo. Ecos de morte inesperada. O novo día desapertounos coa mala nova da morte dun amigo.

Nove de marzo. De mañanciña... cedo, moi cedo... ao abrente, como ocorre cos heroes e os santos. Con garbo de *Ilustrísima* intelectualidade, mais con sinxeleza e humildade, un grande e verdadeiro mestre dirixe os seus definitivos pasos cara ao *Deus sentado no seu sillón azul*.

Nove de marzo. De mañanciña... Tódolos seus moitos amigos, os seus centos de veciños, os seus milleiros de lectores, alumnos e admiradores, reciben con estupor a estremecedora mala nova. Pasaron nun intre polas mentes de todos unha ducia de lustros, seis décadas enmarcadas en ouro. Seis décadas que abundaron para un novo milagre do intelecto humano.

Lembramos nese intre que aquela flor que agromara 61 anos antes na frondosa árbore literaria do verdecete eido da literatura galega e que dera froitos saborosos e abundantes, acababa de soltarse das pólas da vida para frutificar novamente sobre o chan fecundo da nosa Galicia. Ese froito madurou respirando o aire fresco da chaira limiá, o aire que curte e fai rexa á xente.

Por encantamento converteuse en abella laboriosa que libou, dende a súa xuventude, o néctar das mellores flores. “Xelea Real” brotou do seu interior. Con ela alimentou a vida literaria do seu pobo, de quen quixo sentir o arrecendo da beleza que nace dun corazón sinxelo. E no fanal da docencia, en Cangas, repartiu a mans cheas o mel do seu traballo denodado.

Cando tiña un cuarto de século vivido, un *Vento ferido* zoou na súa mente co único propósito de facérmonos sentir que a vida é un gran soño, un soño que paga a pena soñar; un gran milagre que sería mágoa non contemplar.

Todos pensamos esa mañanciña de marzo, que a vida é un relato curto, certamente; un soño escuro como *Os escuros soños de Clio*. Mais, quen, a forza de soñar e soñar, é quen de ir xuntando nas súas mans esperanzas dun mundo mellor e consegue poñelas aos pés da musa e deusa da Historia, ben merece, ese tal, recibir o poder de cambiar o curso dos tempos.

Ese mestre soñou certamente un soño de Gloria. Espertou do intranscendente soño da vida coas mans cheas de arte, de bo dicir, coa aparentemente fácil, mais profunda e innovadora maneira de narrar. Ese mestre insigne espertou do breve soño da vida coa alma acabada de nacer: cristalina, transparente, chea de bondade, tenrura e compromiso.

Só quen soña con ollos limpos, sen creados intereses e inconfesados propósitos, con ollos de neno, pode ter tempo de pararse no camiño para darlle unhas migallas de pan ou uns grans de millo a unha pomba ferida ou a unha *Galiña Azul*.

Só quen ten un corazón cheo de dozura pode saciar a sede de tantos cativos e darlle a saborear, cando o sol aperta e hai sede de cultura, unha fresca e doce laranxa, *A laranxa máis laranxa de tódalas laranxas*. Ese mestre insigne espertou do soño da vida con espírito indomable. Os seus ollos sempre fixos na xustiza, os seus pés afincados na verdade, as súas mans cinguidas á liberdade e fraternidade.

Violencia, desamor e intolerancia foron irrisorias pantasma sen contido fronte a un prócer da tolerancia e da concordia. Quixo volver a anos de guerra odiosa para resucitar a memoria de *Os mortos daquel verán*. Para un loitador da liberdade, un asasinato non podía quedar impune. Informe tras informe, ata dez, coma os mandatos divinos, desenmascararon a mentira e deixaron ver a verdade, aquela verdade machucada anos atrás polos mazos xusticeiros, que non xustos, de algúns inxustos xuíces da historia.

Buque insignia da intelectualidade galega, amigo da Sabedoría, filósofo, enxeñeiro das verbas, filólogo, xornalista preclaro, tertuliano convencido, contador de historias, poeta da narrativa moderna, mestre insigne das Letras Galegas: **Carlos Casares Mouriño**:

A Editorial Galaxia e *Grial* honráronse en seguir as directrices de quen deixou claro que dirixir é escoitar. E non foi casualidade que o Consello da Cultura Galega chamara á súa porta. É certamente un acerto que quen ha levar as directrices da cultura defenda e ame esa cultura, as súas enraizadas costumes, a súa terra e a súa lingua, o xeito de falar de cada un dos seus paisanos e paisanas.

Un Mestre de verdade está orgulloso da cultura do seu pobo, da súa historia pasada e recente. Carlos, foi un deses mestres. A súa lingua nai foi a canle senlleira de expresión e o xeito de falar co seu pobo.

Por iso, ao lembrar aquela mañanciña de marzo dicímoslle de corazón:

Fuches, es e serás, Carlos Casares, *Ilustrísima* da Cultura e da lingua galega, bispo que mira, coida, vive, comparte a súa vida e o seu falar cos homes e mulleres de a pé, cos seus parroquiáns; bispo da cultura galega que sacralizáche-las verbas galegas coa túa imposición de mans, afondando na condición humana e nos misterios divinos, sen medos nin vergoñas, sen prexuízos nin intransixencias.

Nós queremos darche hoxe un anaco de honra para a túa gloria. O Deus do perdón e da xustiza, alleo a prohibicións e fanatismos, creou sen dúbida un anaco de Gloria na túa honra.

Como heroe e santo, ao amencer, espertaches do soño da vida pasaxeira para gozar da Vida Perdurable. Heroe da cultura e da lingua no teu propio traballo humilde e constante; Santo farate ese Deus xusto e puro en quen criches. A nós quedanos só o poder de facerte Mestre perenne do falar e do vivir, de contar as cousas e escribilas... mestre da vida cotiá plasmada en relatos curtos, contos e novelas, artigos de prensa, teatro infantil ou ensaios biográficos. Es e serás eternamente galego perennemente noso. Como Ramón Cabanillas no “Cantar do que se afasta”, lembramos como ditas por ti, naquela mañá de marzo:

“ Non chores, irmán, non chores  
que non tés por que chorar:  
O bo cariño é unha pomba  
Que sempre volta ó pombal.  
É certo que fun pra lonxe;  
Pero, do peito no altar,  
A túa imaxe adourada,  
Sempre comigo, comigo vai. “

Loitaremos porque teñas o recoñecemento que mereces no santoral das Letras Galegas, e se pode ser xa no vindeiro ano 2013. En cada liña que volvamos a ler de cada un dos teus escritos, lembraremos ao mestre limiao, Carlos Casares Mouriño, que nos levou a todos con el, no abrente, cedo, ao amencer..... en marzal, unha mañá.

Con cariño e admiración.

*Alfonso Carlos Lois Suárez*